

As certificacións rexistras serán o único medio de acreditar de maneira que faga fe o contido dos asentos rexistras.

Artigo 17. *Estrutura do rexistro.*

1. No rexistro levaranse libros de rexistro coa dilixencia de apertura asinada polo presidente da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e con expresión dos folios que conteñen, que estarán numerados, selados e rubricados. Abrirase, en principio, un folio para cada operador.

2. A cada autorización asignaráselle no libro correspondente un número de inscrición que será o do folio en que se inscriba. O devandito folio irá seguido de cantos outros sexan necesarios ordenados, pola súa vez, con indicación do número que lle correspondese ao folio inicial, seguido doutro que reflectirá o número correlativo de folios que se precisen para a inscrición das modificacións que procedan.

3. Poderanse utilizar os libros auxiliares, arquivos, cadernos ou cartapacios que o encargado do rexistro considere oportunos para o seu bo funcionamento.

4. Todo isto poderá ser realizado por medios informáticos sempre que estes contén co correspondente soporte documental.

Artigo 18. *Inscrición no rexistro.*

1. A primeira inscrición das autorizacións de ámbito estatal será realizada de oficio pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, logo de comunicación do órgano competente para o seu outorgamento, ou por instancia do interesado, se vencese o prazo máximo sinalado no artigo 7.2 deste regulamento, sen ter notificada resolución expresa o órgano competente, por causa non imputable ao interesado.

2. Na dita inscrición consignarase a data da resolución de outorgamento da autorización ou, de ser o caso, da solicitude de inscrición no rexistro se a dita inscrición se instase por vencemento do prazo, e os datos declarados polo titular da autorización aos cales se refire o artigo 7.1 deste regulamento.

3. Igualmente, consignarase os datos que determine a Comisión do Mercado das Telecomunicacións necesarios para permitir a identificación dos titulares da rede de telecomunicacións por cable utilizada e do servizo de comunicacións electrónicas soporte do servizo de difusión.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio das obrigas de difusión.*

1. Ata o cesamento definitivo das emisións de televisión con tecnoloxía analóxica, os titulares de autorización para a prestación do servizo de difusión de televisión por cable estarán obrigados a incluír na súa oferta as seguintes canles dos operadores que se indican:

TVE 1 de TVE, SA.

La Segunda de TVE, SA.

Antena 3 TV de Antena 3 TV, SA.

Telecinco de Gestevisión-Telecinco SA.

Cuatro de Sogecable, SA.

La Sexta de Gestora de Inversiones Audiovisuales. La Sexta SA.

2. Ademais, durante o mesmo prazo, os titulares de autorización para prestar o servizo de difusión de televisión por cable no ámbito autonómico deberán incluír na súa oferta as canles en analóxico xestionadas directamente pola comunidade autónoma onde desenvolvan a súa actividade.

3. As contraprestacións económicas pola distribución destes servizos entre os titulares das autorizacións para prestar o servizo de difusión e os titulares das canles mencionadas nos puntos anteriores serán acordadas libremente entre as partes, no marco da normativa que dite o Estado ou, de ser o caso, as comunidades autónomas con competencias en materia de medios de comunicación social.

En caso de desacordo, resolverá a Administración que en cada caso sexa competente para autorizar a prestación do servizo de televisión polas redes de cable afectadas.

Disposición transitoria segunda. *Requirimento para ampliar a información rexistral.*

En relación coas autorizacións para a prestación do servizo de difusión de radio e televisión derivadas da transformación de anteriores títulos habilitantes, realizada ao abeiro do previsto na disposición transitoria décima da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, a súa inscrición no correspondente rexistro reflectirá os datos a que se refire o artigo 7.1 deste regulamento, a partir da información existente no momento da transformación do respectivo título. No suposto de que a devandita información resultase insuficiente para completar os devanditos datos, o órgano responsable do rexistro poderá requirir do titular da autorización os necesarios para completalos.

Disposición transitoria terceira. *Incorporación de facilidades de transmisión ás redes de cable.*

De acordo co previsto na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discriminación, o disposto no artigo 12.3 deste regulamento seralles exixible a partir do 1 de xaneiro de 2008 aos servizos de difusión que utilicen redes de cable, instaladas a partir da entrada en vigor deste regulamento ou que sexan ampliacións das existentes, realizadas con posterioridade a esa mesma data.

Os servizos de difusión que utilicen redes de cable que no momento da entrada en vigor deste regulamento xa se atopasen prestando o servizo soporte para a difusión de televisión, disporán dun prazo, ata o 1 de xaneiro de 2010, para que as instalacións destas se adapten ao disposto no devandito artigo 12.3.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

15406 REAL DECRETO 965/2006, do 1 de setembro, polo que se modifica o Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro. («BOE» 212, do 5-9-2006.)

O Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, prevé na súa disposición adicional terceira, respecto dos sistemas de retención infantil,

que o Goberno, dentro do prazo previsto na Directiva 2003/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de abril de 2003, pola que se modifica a Directiva 91/671/CEE do Consello, sobre o uso obrigatorio de cintos de seguraza en vehículos de menos de 3,5 toneladas, continuará avanzando no proceso da súa transposición completa.

Este real decreto culmina este proceso de transposición implementando medidas encamiñadas a reforzar a protección de determinados usuarios que, en caso de verse implicados nun accidente de circulación, resultan especialmente vulnerables por razón da súa idade e do seu talle corporal, introducindo un maior rigor na utilización dos dispositivos de seguraza que tan eficazmente contribúen a reducir a gravidade das lesións nestes casos.

Para tal fin, modifícase o artigo 9 do Regulamento xeral de circulación relativo ao cómputo do número de persoas transportadas, suprimindo a referencia aos menores de dous anos que permitía o seu transporte en condicións que resultaban incompatibles co contido dalgúns preceptos da Directiva 2003/20/CE, do 8 de abril.

Refórmase, así mesmo, o artigo 117 do citado regulamento que regula a utilización dos cintos de seguraza e outros sistemas de retención homologados co obxecto de conter, no seu punto 1, todos os supostos previstos no articulado da referida Directiva 2003/20/CE, do 8 de abril, e, en particular, aqueles relacionados cos usuarios de determinados vehículos tales como os destinados ao transporte de mercadorías, vehículos mixtos e vehículos destinados ao transporte de persoas con máis de nove prazas incluído o condutor, nos cales, sen ningún límite de masa máxima autorizada, se establece a obriga de utilizaren o cinto de seguraza todos aqueles que ocupen asentos equipados con estes dispositivos.

Se se trata de vehículos destinados ao transporte de persoas de máis de nove prazas, deberase informar da obriga de utilizar os cintos de seguraza. Entre os medios que se poderán utilizar para informar da devandita obriga inclúese a colocación dun pictograma, de acordo co modelo que figura no novo anexo que se incorpora ao Regulamento, en lugares ben visibles de cada asento.

A utilización dos cintos de seguraza e outros sistemas de retención homologados por determinadas persoas en función da súa idade e do seu talle é obxecto de regulación nos seus puntos 2 e 3, que foron dotados dunha sistemática que facilita a súa comprensión polos usuarios e cuxo contido se modificou conxugando as prescricións da Directiva 2003/20/CE, do 8 de abril, coa realidade social, facendo un uso ponderado das facultades que se lles conceden aos Estados membros.

Así, en aplicación dos artigos 2 e 6 da citada directiva, vaise permitir que as persoas de estatura igual ou superior a 135 centímetros poidan utilizar nos vehículos de ata nove prazas un cinto de seguraza para adultos. Ademais, exímense da obriga de utilizar dispositivos de retención homologados adaptados ao seu talle e peso as persoas cuxa estatura sexa inferior aos 135 centímetros, cando viaxen en taxi, sempre que ocupen un asento distinto do dianteiro, suposto que se recolle no artigo 119.2.a) do referido regulamento.

A Directiva 2003/20/CE, do 8 de abril, establece unhas exixencias canto ao uso dos dispositivos de seguraza que son de obrigado cumprimento con independencia de que o vehículo se dedique ou non ao transporte escolar e de menores.

A utilización dos dispositivos de seguraza nos vehículos destinados ao transporte escolar e de menores ata o de agora unicamente se regulaba, de xeito específico, polo Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguraza no transporte escolar e de menores, norma que non prevé todos os supostos previstos pola normativa comunitaria no que ás obrigas na utilización dos dispositivos de seguraza se refire.

Por iso, optouse por modificar o réxime xurídico que ata o momento se aplicaba ao transporte escolar e de menores, de tal xeito que agora, na utilización dos dispositivos de seguraza nos vehículos destinados a este tipo de transporte, se terán que cumprir as mesmas obrigas que, con carácter xeral, se exixen no Regulamento xeral de circulación para calquera vehículo.

Para estes efectos suprimiuse a remisión á normativa específica que era a única que se viña aplicando para regular a utilización dos dispositivos de seguraza nos vehículos destinados ao transporte escolar e de menores, que se recollía no artigo 117 do Regulamento xeral de circulación, e incluíuse unha disposición adicional cuarta ao dito regulamento indicando expresamente a súa aplicación aos vehículos destinados a ese tipo de transporte, pero mantendo a particularidade do uso dos cintos de seguraza nos asentos enfrontados a corredor nos vehículos destinados a esa clase de transporte.

Así mesmo, por proposta do Ministerio de Sanidade e Consumo foi suprimida a exención actual do uso do cinto de seguraza polas embarazadas toda vez que, de acordo coas recomendacións internacionais na materia, existen evidencias que permite afirmar que o risco de lesión e perda do feto por non levar posto o cinto de seguraza supera o risco de lesión intrauterina derivado do seu uso en casos de accidente.

Con ocasión desta modificación do Regulamento xeral de circulación considerouse oportuno proceder á revisión do seu artigo 48, co fin de corrixir algunhas incongruencias detectadas en relación coas velocidades máximas asignadas a determinadas categorías de vehículos, así como para introducir no seu artigo 118 a obriga de que os condutores e pasaxeiros dos vehículos especiais tipo quad utilicen casco de protección homologado co obxecto de reforzar a seguraza no uso crecente deste tipo de vehículos.

Finalmente, de acordo coa disposición derradeira primeira da Lei 17/2005, do 19 de xullo, pola que se regula o permiso e a licenza de condución por puntos e se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguraza viaria, procedeuse a adaptar o Regulamento xeral de circulación ás modificacións introducidas pola devandita lei no texto articulado, motivo polo cal se revisou a cualificación das infraccións aos artigos 18 e 116 que se agravan, pasando de ter a consideración de infraccións leves a infraccións graves, como por exemplo a non utilización do cinto de seguraza, o casco ou calquera outro dispositivo de seguraza de uso obrigatorio ou a utilización de teléfonos móbiles durante a condución.

Ademais corrixíronse as remisións que facía o Regulamento ás infraccións do artigo 65 do texto articulado que xa non coinciden ao se cambiar a orde en que se relacionan algunhas delas pola redacción dada ao devandito precepto pola Lei 17/2005, do 19 de xullo.

Ao afectar estas correccións un elevado número de preceptos do regulamento, optouse por substituír con carácter xeral no texto do regulamento as referencias equivocadas polas referencias correctas que en cada caso correspondan, a través dunha disposición derradeira.

Esta norma foi sometida a informe do Consello Superior de Tráfico e Seguraza da Circulación Viaria, de conformidade co disposto no artigo 5.2.e) do Real decreto 317/2003, do 14 de marzo, polo que se regula a súa organización e funcionamento.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior, de Defensa, de Fomento e de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de setembro de 2006,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro.*

O Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, queda modificado como segue:

Un. Os puntos 2 e 3 do artigo 9 quedan redactados do seguinte xeito:

«2. Para efectos de cómputo do número de persoas transportadas nos vehículos autorizados para transporte escolar e de menores, observarase o establecido na normativa específica sobre a materia.

3. As infraccións a este precepto en canto impliquen unha ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por cento o número de prazas autorizadas, excluída a do condutor, con excepción dos autobuses de liñas urbanas e interurbanas, terán a consideración de moi graves, de acordo co estipulado no artigo 65.5. e) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria, e procederáse á inmovilización do vehículo polos axentes da autoridade, que o manterán inmovilizado mentres subsista a causa da infracción.»

Dous. Incorpórase o punto 4 ao artigo 18, coa seguinte redacción:

«4. As infraccións a este precepto terán a consideración de graves conforme se prevé no artigo 65.4.f) e g) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria.»

Tres. A alínea a) do punto 1 e o punto 2 do artigo 48 quedan redactados do seguinte xeito:

«1.a) Para automóviles:

1.º En autoestradas e autovías: turismos e motocicletas, 120 quilómetros por hora; autobuses, vehículos derivados de turismo e vehículos mixtos adaptables, 100 quilómetros por hora; camións, vehículos articulados, tractocamións, furgóns e automóviles con remolque de ata 750 quilogramos, 90 quilómetros por hora; restantes automóviles con remolque, 80 quilómetros por hora.

2.º En estradas convencionais sinalizadas como vías para automóviles e no resto de estradas convencionais, sempre que estas últimas teñan unha beiravía pavimentada de 1,50 metros ou máis de largo, ou máis dun carril para algún dos sentidos de circulación: turismos e motocicletas, 100 quilómetros por hora; autobuses, vehículos derivados de turismo e vehículos mixtos adaptables, 90 quilómetros por hora; camións, tractocamións, furgóns, vehículos articulados e automóviles con remolque, 80 quilómetros por hora.

3.º No resto das vías fóra de poboado: turismos e motocicletas, 90 quilómetros por hora; autobuses, vehículos derivados de turismo e vehículos mixtos adaptables, 80 quilómetros por hora; camións, tractocamións, furgóns, vehículos articulados e automóviles con remolque, 70 quilómetros por hora.

4.º En calquera tipo de vía onde estea permitida a súa circulación: vehículos de tres rodas e cuadríciclos, 70 quilómetros por hora.»

«2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves ou moi graves,

segundo corresponda polo exceso de velocidade, conforme se prevé nos artigos 65.4.a) e 65.5. c) ambos os dous do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria.»

Catro. O artigo 116 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Os condutores e ocupantes de vehículos de motor e ciclomotores están obrigados a utilizar o cinto de segurancia, o casco e demais elementos de protección nos casos e condicións que se determinan neste capítulo e nas normas reguladoras dos vehículos, coas excepcións que igualmente se fixan no devandito capítulo, de acordo coas recomendacións internacionais na materia e atendendo ás especiais condicións dos condutores minusválidos.

2. As infraccións ás normas de utilización dos cintos de segurancia, o casco e outros dispositivos de segurancia de uso obrigatorio previstos neste capítulo terán a consideración de graves, conforme se establece no artigo 65.4.h) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria.»

Cinco. O artigo 117 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Utilizaranse cintos de segurancia ou outros sistemas de retención homologados, correctamente abrochados, tanto na circulación por vías urbanas coma interurbanas:

a) Polo condutor e os pasaxeiros:

1.º Dos turismos.

2.º Daqueles vehículos con masa máxima autorizada de ata 3.500 quilogramos que, conservando as características esenciais dos turismos, estean dispostos para o transporte, simultáneo ou non, de persoas e mercadorías.

3.º Das motocicletas e motocicletas con sidecar, ciclomotores, vehículos de tres rodas e cuadríciclos, cando estean dotados de estrutura de protección e cintos de segurancia e así conste na correspondente tarxeta de inspección técnica.

b) Polo condutor e os pasaxeiros dos asentos equipados con cintos de segurancia ou outros sistemas de retención homologados dos vehículos destinados ao transporte de mercadorías e dos vehículos mixtos.

c) Polo condutor e os pasaxeiros de máis de tres anos de idade dos asentos equipados con cintos de segurancia ou outros sistemas de retención homologados dos vehículos destinados ao transporte de persoas de máis de nove prazas, incluído o condutor.

O condutor do vehículo, o guía ou a persoa encargada do grupo deberán informar os pasaxeiros desta obriga, a través de medios audiovisuais ou mediante letreiros ou pictogramas, de acordo co modelo que figura no anexo IV, colocados en lugares ben visibles de cada asento.

2. A utilización dos cintos de segurancia e doutros sistemas de retención homologados por determinadas persoas en función do seu talle e idade, excepto nos vehículos de máis de nove prazas, incluído o condutor, axustarase ás seguintes prescricións:

a) Respecto dos asentos dianteiros do vehículo:

Queda prohibido circular con menores de doce anos situados nos asentos dianteiros do vehículo, salvo que utilicen dispositivos homologados para o

efecto. Excepcionalmente, cando a súa estatura sexa igual ou superior a 135 centímetros, os menores de doce anos poderán utilizar como tal dispositivo o propio cinto de seguranza para adultos de que estean dotados os asentos dianteiros.

b) Respecto dos asentos traseiros do vehículo:

1.º As persoas cuxa estatura non alcance os 135 centímetros deberán utilizar obrigatoriamente un dispositivo de retención homologado adaptado ao seu talle e ao seu peso.

2.º As persoas cuxa estatura sexa igual ou superior a 135 centímetros e non supere os 150 centímetros poderán utilizar indistintamente un dispositivo de retención homologado adaptado ao seu talle e ao seu peso ou o cinto de seguranza para adultos.

c) Os nenos non poderán utilizar un dispositivo de retención orientado cara a atrás instalado nun asento do pasaxeiro protexido cun airbag frontal, a menos que fose desactivado, condición que se cumprirá tamén no caso de que o devandito airbag se desactivase axeitadamente de forma automática.

3. Os pasaxeiros de máis de tres anos de idade cuxa estatura non alcance os 135 centímetros deberán utilizar os cintos de seguranza ou outros sistemas de retención homologados instalados nos vehículos de máis de nove prazas, incluído o condutor, sempre que sexan adecuados ao seu talle e peso.

4. Nos vehículos a que se refiren os puntos 1.a) 1.º e 2.º e b), que non estean provistos de dispositivos de seguranza, non poderán viaxar nenos menores de tres anos de idade. Ademais, os maiores de tres anos que non alcancen os 135 centímetros de estatura deberán ocupar un asento traseiro.

5. O feito de que o vehículo non leve instalados os cintos de seguranza, cando sexa obrigatorio de acordo co disposto nas normas reguladoras dos vehículos, terá a consideración de infracción moi grave conforme se prevé no artigo 65.5 l) do texto articulado, sen prexuízo do establecido na disposición adicional segunda deste regulamento.»

Seis. O parágrafo primeiro do punto 1 do artigo 118 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Os condutores e pasaxeiros de motocicletas ou motocicletas con sidecar, de vehículos de tres rodas e cuadríciclos, de ciclomotores e de vehículos especiais tipo quad, deberán utilizar axeitadamente cascos de protección homologados ou certificados segundo a lexislación vixente, cando circulen tanto en vías urbanas coma en interurbanas.»

Sete. O punto 1, a alínea a) do punto 2 e o punto 3 do artigo 119 quedan redactados do seguinte xeito:

«1. Malia o disposto no artigo 117, poderán circular sen os cintos ou outros sistemas de retención homologados:

a) Os condutores, ao efectuaren a manobra de marcha atrás ou de estacionamento.

b) As persoas provistas dun certificado de exención por razóns médicas graves ou discapacitadas. Este certificado deberá ser presentado cando o requira calquera axente da autoridade responsable do tráfico.

Todo certificado deste tipo expedido pola autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea será válido en España acompañado da súa tradución oficial.»

«2.a) Os condutores de taxis cando estean de servizo. Así mesmo, cando circulen en tráfico

urbano ou áreas urbanas de grandes cidades poderán transportar persoas cuxa estatura non alcance os 135 centímetros sen utilizaren un dispositivo de retención homologado adaptado ao seu talle e ao seu peso, sempre que ocupen un asento traseiro.»

«3. Eximiranse do disposto no artigo 118.1 as persoas provistas dun certificado de exención por razóns médicas graves, expedido de conformidade co disposto no punto 1.b) anterior. Este certificado deberá expresar o seu período de validez e estar asinado por un facultativo coexiado en exercicio. Deberá, ademais, levar ou incorporar o símbolo establecido pola normativa vixente.»

Oito. A disposición adicional segunda queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional segunda. *Uso obrigatorio de cintos de seguranza ou doutros sistemas de retención homologados.*

O cumprimento da obriga de utilizar cintos de seguranza ou doutros sistemas de retención homologados correctamente abrochados ou colocados, tanto na circulación por vías urbanas coma interurbanas, imposta aos condutores e aos pasaxeiros no artigo 117.1, 2 e 3 só será exixible respecto daqueles vehículos que, de acordo coa normativa vixente no momento da súa matriculación, deban levar instalados cintos de seguranza ou outros sistemas de retención homologados.

Non obstante, naqueles vehículos que, malia non estaren obrigados, levasen instalados cintos de seguranza ou outros sistemas de retención homologados, será obrigatoria a súa utilización nas condicións establecidas por este regulamento.»

Nove. Incorpórase unha disposición adicional cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Utilización de cintos de seguranza e de dispositivos de retención nos vehículos destinados ao transporte escolar e de menores.*

A utilización dos cintos de seguranza e de dispositivos de retención nos vehículos destinados ao transporte escolar e de menores axustarase ao establecido neste regulamento, coa particularidade de que os asentos enfrontados a corredor nos vehículos de máis de nove prazas dedicados a esa clase de transporte só poderán ser ocupados por menores de dezaseis anos cando os devanditos asentos leven instalados cintos de seguranza, que serán utilizados nas condicións indicadas neste regulamento.»

Dez. Incorpórase unha disposición derradeira terceira coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira terceira. *Referencias ao texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo.*

As seguintes referencias ao artigo 65 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria substitúense, ao longo de todo o texto deste regulamento, como a continuación se indican:

As referencias ao artigo 65.4.a) entenderanse feitas ao artigo 65.4.ñ).

As referencias ao artigo 65.4.b) entenderanse feitas ao artigo 65.4.o).

As referencias ao artigo 65.4.c) entenderanse feitas ao artigo 65.4.a).

As referencias ao artigo 65.4.d) entenderanse feitas ao artigo 65.4.b).

As referencias ao artigo 65.4.f) entenderanse feitas ao artigo 65.4.d).

As referencias ao artigo 65.5.c) entenderanse feitas ao artigo 65.5.d).

As referencias ao artigo 65.5.d) entenderanse feitas ao artigo 65.5.e).

As referencias ao artigo 65.5.e) entenderanse feitas ao artigo 65.5.c)»

Once. Incorpórase un anexo IV co seguinte contido:

«ANEXO IV

Pictograma indicativo do uso obrigatorio do cinto de seguraza nos asentos dos vehículos destinados ao transporte de persoas de máis de nove prazas, incluídos o condutor, nos cales figure este

(Cor: personaxe branco sobre fondo azul)



Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados os seguintes preceptos do Real decreto 443/2002, do 27 de abril, sobre condicións de seguraza no transporte escolar e de menores:

Artigo 4.2.4, parágrafos segundo e terceiro.

Artigo 4.3.1 e 3.

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste regulamento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de setembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

15407 *ORDE PRE/2733/2006, do 28 de agosto, pola que se introducen modificacións no Regulamento de circulación aérea, aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, relativas á xestión de afluencia de tránsito aéreo e as telecomunicacións.* («BOE» 212, do 5-9-2006.)

O Regulamento da circulación aérea, aprobado por Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, ditado en desenvolvemento da Lei 48/1960, de normas reguladoras da navegación aérea, do 21 de xuño, foi obxecto de diversas modificacións derivadas dos cambios introducidos pola Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) nos anexos e documentos ao Convenio de Chicago e da necesidade de adaptar as operacións de voo ás innovacións técnicas producidas en materia de aeronavegación.

A disposición derradeira primeira do mencionado real decreto faculta os ministros de Defensa e de Fomento para introduciren, con suxeición ao disposto na Orde da Presidencia de Goberno do 8 de novembro de 1979, pola que se crea a Comisión Interministerial prevista no artigo 6.º do Real decreto lei 12/1978, do 27 de abril, sobre fixación e delimitación de facultades entre os ministerios de Defensa e de Fomento en materia de aviación, cantas modificacións de carácter técnico foren precisas para a adaptación das operacións de voo ás innovacións técnicas que se produzan e especialmente ao disposto na normativa contida nos anexos OACI e nos tratados e convenios internacionais dos cales España sexa parte.

Na actualidade, cómpre modificar o Regulamento da circulación aérea no concenrente á xestión de afluencia de tránsito aéreo para a súa adaptación ás emendas que a citada organización de aviación civil internacional introduciu nos documentos 7030/4/EUR/ (serie n.º EUR/NAT-S 01/49-EUR RAC/17) (Procedementos suplementarios rexionais); 7754 (Plan de navegación aérea) Vol. I, Basic ANP (Serie n.º: EUR/NAT 01/50-ATFM) e Vol.II, FASID (Serie n.º: EUR/NAT-F 02/21 -ATFM) así como no documento CFMU handbook da Organización Europea para a Seguridade da Navegación Aérea «Eurocontrol», da cal España forma parte. Estas modificacións contribuirán a unha circulación máis segura e ordenada que garanta a utilización ao máximo da capacidade do servizo de control de tránsito aéreo.

Así mesmo, cómpre adoptar as emendas que a citada organización de aviación civil internacional introduciu nos anexos 10, 11 e 15, relativos a «telecomunicacións aeronáuticas», «servizos de tránsito aéreo» e «servizos de información aeronáutica» respectivamente, así como nos documentos 4444 (procedementos para os servizos de navegación aérea) e 7030 (procedementos suplementarios rexionais). Neste sentido, as emendas incorporan criterios de seguraza para evitar a posibilidade de colisión nas operacións aéreas (sistema ACAS), condicións relativas á utilización das comunicacións radiotelefónicas polos provedores dos servizos de tránsito aéreo e, por último, a actualización de aspectos relativos ao servizo de información aeronáutica.

Finalmente, como aspectos relevantes da tramitación pódense citar, canda o trámite de audiencia ás entidades e asociacións representativas de intereses económicos, profesionais e corporativos directamente afectados polo contido da norma, o informe favorable da Comisión Interministerial entre Defensa e Fomento (CIDFO), de conformidade co disposto no Real decreto lei 12/1978, do 27 de abril, sobre fixación e delimitación de facultades entre os ministerios de Defensa e de Transportes e Comunicacions,